

Unha ilusionante tentativa frustrada

Carlos Caetano Biscaíño.

Crítico de teatro

“Non claudiques coma espectador e acude ás salas. A opinión máis importante é a túa”

A experiencia de intercambio co mundo lusófono —ponte natural para a proxección exterior do teatro galego— e a elección do título —após máis de vinte anos, o CDG representaba, por fin, unha peza dun dos dramaturgos que máis ten influenciado no devir do teatro contemporáneo— parecían augurar un magnífico produto teatral. O resultado, porén, non está á altura das expectativas e os cento sesenta minutos de espectáculo resultan eternos, como demostran as desercións do público no intervalo.

Non funciona a escenografía, que tras o efectismo dos primeiros minutos perde funcionalidade e fica reducida á función de ciclorama, pois non propicia xogo escénico ningún. Elementos como as fendas no sobrado representan unha auténtica tortura para os intérpretes e o ruído que produce a madeira do chan obstaculiza en ocasións o diálogo.

Non funcionan, no xeral, os momentos cantados ou bailados, que reteñen a acción e carecen de brillantez na súa execución.

E non funciona a proposta interpretativa. Cardoso constrúe algunhas escenas segundo os postulados brechtianos e conforme avanza a función evóluciónase para unha interpretación sentimentaloi de fundamentada na interiorización das emocións —moi evidente na parella de namorados—, transición que semella consecuencia dunha falta de solución antes do que dunha intención propositada. Existe unha opción decidida por realizar unha lectura persoal do escrito por Brecht —feito a agradecer ao CDG, despois dunha década, a de noventa, caracterizada por montaxes acomodaticios, sen riscos nin propostas. Así, por exemplo, a solución procurada para as personaxes dos deuses é ben recibida. Mais o confronto destas formas interpretativas co texto brechtiano non resulta venturoso. ●

A ALMA BOA DE SEZUÁN

AUTOR: BERTOLT BRECHT

DIRECCIÓN: NUNO CARDOSO

PRODUCCIÓN: CENTRO DRAMÁTICO GALEGO